

ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL


FORMACIÓN PROFESIONAL




ÍNDICE:


- Que é a formación profesional?
- Características comúns entre ciclo medio e ciclo superior:
 - Tipos de réxime.
 - Avaliación.
 - Repetición.
 - Matrícula
- Ciclo Medio:
 - Criterios de acceso.
 - Oferta en Galicia.
 - Módulos.
 - Saídas.
- Ciclo Superior:
 - Criterios de acceso.
 - Oferta en Galicia.
 - Módulos.
 - Saídas.
- F.P. Dual
- Cursos de especialización
- Validacións e exencións de módulos profesionais.
- Matrícula simultánea.
- Outra información: becas, residencias, webs consulta, etc.








QUE É A FORMACIÓN PROFESIONAL?



QUE É A FORMACIÓN PROFESIONAL?





**CARACTERÍSTICAS
COMÚNS ENTRE
CICLO MEDIO E
CICLO SUPERIOR**



FAMILIAS PROFESIONAIS EN GALICIA



Actividades físicas e deportivas



Administración e xestión



Agraria



Industrias alimentarias



Industrias extractivas



Informática e comunicacións



Artes gráficas



Comercio e márketing



Edificación e obra civil



Instalación e mantemento



Madeira, moble e cortiza



Marítimo - pesqueira



Electricidade e electrónica



Enerxía e auga



Fabricación mecánica



Química



Sanidade



Seguridade e medio ambiente



Hostalaría e turismo



Imaxe e son



Imaxe persoal



Servizos socioculturais e á comunidade



Téxtil, confección e pel



Transporte e mantemento de vehículos

TIPOS DE RÉXIMES (ciclo medio e superior)

Réxime ordinario

- Organizado en dous cursos en quendas de mañá e tarde, segundo o horario establecido polo centro educativo.
- A asistencia ás clases é obrigatoria.
- O alumnado que estea en condicións de pasar ao 2º curso ou teña que repetir o curso deberá realizar unha solicitude de admisión. Terá a praza garantida sempre que o curse no ano seguinte e por 1ª vez no mesmo centro e ciclo.

Réxime para as persoas adultas na modalidade presencial

- Organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso.
- A xornada lectiva desenvólvese polo xeral en quenda de tarde-noite.
- A asistencia ás clases é obrigatoria.

Réxime para as persoas adultas na modalidade semipresencial ou a distancia

- Organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso.
- A asistencia ás titorías e outros eventos formativos presenciais é recomendable, pero non obrigatoria. Si é obrigatoria a asistencia as actividades de avaliación de cada trimestre. Para a realización das actividades a distancia seguiranse as instrucións do titor/a do curso.

RÉXIME PERSOAS ADULTAS

- Ademáis dos requisitos académicos, hai que:
 - Maior de 18 anos.
 - Maior de 16 anos + contrato laboral + deportista de alto rendimento + enfermidade ou impedimento físico.
 - Outras circunstancias.
- Os requisitos de acceso son iguais que no réxime ordinario.
 - Excepción: as persoas que non cumpran os requisitos de acceso poderán matricularse nos módulos de ciclos asociados a unidades de competencia, sempre que acrediten dous anos de experiencia laboral no ámbito da familia profesional do ciclo formativo que desexa cursar. Estas persoas só poderán matricularse de existiren prazas vacantes ao final do proceso.
- As persoas adultas poderanse matricular de calquera dos módulos do ciclo formativo correspondente, sempre que se garanta a compatibilidade horaria do 90 % no caso de ensinanzas en modalidade presencial. En todo caso, a matrícula parcial de módulos realizarase para un mesmo ciclo formativo e non poderá superar a carga lectiva anual de 1.000 horas (<http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos>).
- Para a obtención do título será preciso ter os requisitos de acceso e superar todos os módulos do ciclo formativo.
- Cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. Aínda que a praza non está garantida, cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.

DURANTE OS CICLOS:

AVALIACIÓN (asistencia obrigatoria):

- ❖ Avaliación continua e diferenciada por módulos profesionais.
 - Posibilidade de recuperar os módulos pendentes nunha proba extraordinaria en xuño.

- ❖ Cada alumno/a poderá ser avaliado/a dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, con independencia do réxime ou da modalidade que se curse, agás no caso do módulo profesional de FCT, que será de dúas.
 - Pódese pedir unha convocatoria extraordinaria se se cumpre unha serie de requisitos.

- ❖ Utilízase a nota numérica para todos os módulos.
 - Excepto para a FCT e o Proxecto que se avalían como APTO ou NON APTO.

- ❖ Cando un alumno ten nun módulo un número de faltas 10 % respecto da súa duración total de dito módulo, implicará a perda do dereito á avaliación continua.
 - O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.
 - O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

DURANTE OS CICLOS:

REPETICIÓN (asistencia obrigatoria):

- Cando un alumno/a non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso.
- O alumnado poderá realizar a matrícula de 1º ou 2º curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotase as catro convocatorias.
- O alumnado que, logo da repetición de 1º curso no mesmo centro, non obtiver avaliación positiva para a promoción ao 2º curso ou que, despois da repetición do 2º curso no mesmo centro, non conseguise titularse por ter módulos pendentos, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro.
 - Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

MATRÍCULA:



- **Solicitud vía web.**

- Para todos os réximes e graos, agás para o 2º curso do réxime ordinario.

- Tras realizar a solicitude web, a aplicación informática xera un impreso con instrucións individualizadas para cada solicitante.

- O impreso xerado indica a documentación que cómpre achegar. Esta documentación e os impresos xerados deberá ser entregada debidamente asinada e en prazo, en calquera centro público de Galicia con oferta de ciclos de F.P. de grao medio ou superior.

- Este documento será validado polo centro e unha das copias será selada e entregada á persoa solicitante.

- **Sen estes requisitos, a solicitude carece de validez** e non será tida en conta no proceso de admisión.

- No caso de que o impreso xerado pola aplicación informática indique que se trata dun documento xa validado e que non é necesario entregalo nun centro, non será preciso máis trámite, pero o documento impreso deberase conservar como resguardo da solicitude de admisión.

➤ INSTRUCCIÓNS PARA FACER A SOLICITUDE WEB: http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8205

➤ VÍDEO EXPLICATIVO: <https://www.youtube.com/watch?v=SuG1kaxaiYI>

➤ APLICACIÓN INFORMÁTICA: <https://www.edu.xunta.es/ciclosadmision/>

FORMACIÓN PROFESIONAL

**CICLOS
MEDIOS**

**FP
GM**

REQUISITOS DE ACCESO AOS CICLOS MEDIOS DE F.P.:

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas:

- Cota xeral.
- Cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%).
- Cota para deportistas de alto nivel / rendemento (5%).

Para cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

- **GRUPO A → 70% prazas.**
 1. Título ESO.
 2. Título ESO obtido con anterioridade á implantación do *Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño*.
 3. Outros:
 - Título de técnico auxiliar.
 - Alumnado cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos 2 primeiros cursos de BUP.
 - Título de bacharelato superior.
 - Alumnado que superou, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o terceiro curso do plan de 1963 ou o segundo de comúns experimental.

REQUISITOS DE ACCESO AOS CICLOS MEDIOS DE F.P.:

- **GRUPO B → 20% prazas.**

1. Título de F.P.B. que recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao grao medio que se solicita (http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8229).
2. Título de F.P.B. que non recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao grao medio que se solicita.
3. Alumnado que superara os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial.

- **GRUPO C → 10% prazas.**

1. Proba de acceso a ciclos de grao medio de F.P. ou con curso de formación específico para o acceso a grao medio (<http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio>).
2. Proba de acceso a ciclos de grao superior de F.P.
3. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Proba de acceso a ciclos de grao medio / superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
4. Título de técnico.
5. Certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato regulado na Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
6. Título de bacharelato
7. Título de técnico superior ou de técnico especialista.
8. Título universitario.

CICLOS MEDIOS DE FP EN GALICIA

➤ Actividades físicas e deportivas

- CM Guía no medio natural e de tempo libre.

➤ Administración e xestión

- CM Xestión administrativa.

➤ Agraria

- CM Aproveitamento e conservación do medio natural
- CM Producción agroecolóxica
- CM Producción agropecuaria
- CM Xardinaría e floraría

➤ Artes gráficas

- CM Impresión gráfica
- CM Preimpresión dixital
- CM Postimpresión e acabamentos gráficos

➤ Comercio e marketing

- CM Actividades comerciais
- CM Comercialización de produtos alimentarios

➤ Edificación e obra civil

- CM Construcción
- CM Escavacións e sondaxes e oferta parcial de CM Construcción.
- CM Obras de interior, decoración e rehabilitación

➤ Electricidade e electrónica

- CM Instalacións de telecomunicacións
- CM Instalacións eléctricas e automáticas

➤ Enerxía e auga.

- CM Redes e estacións de tratamento das augas.

➤ Fabricación mecánica

- CM Mecanizado
- CM Soldadura e caldeiraría
- CM Mantemento electromecánico e oferta parcial de CM Mecanizado.

➤ Hostalaría e turismo

- CM Cociña e gastronomía.
- CM Servizos en restauración

CICLOS MEDIOS DE FP EN GALICIA

➤ Imaxe e son

- CM Vídeo disc-jockey e son

➤ Imaxe persoal

- CM Estética e beleza.
- CM Peiteado e cosmética capilar.

➤ Industrias alimentarias

- CM Aceites de oliva e viños
- CM Elaboración de produtos alimentarios
- CM Panadaría, repostaría e confeitaría.

➤ Industrias extractivas.

- CM Pedra natural.
- CM Escavacións e sondaxes e oferta parcial de CM Construcción.

➤ Informática e comunicacións

- CM Sistemas microinformáticos e redes.

➤ Instalación e mantemento

- CM Instalacións de produción de calor
- CM Instalacións frigoríficas e de climatización
- CM Mantemento electromecánico.
- CM Mantemento electroméxico e oferta parcial de CM Mecanizado.
- Dobre titulación en CM Instalacións frigoríficas e de climatización e CM Instalacións de produción de calor.

➤ Madeira, moble e cortiza

- CM Carpintería e moble
- CM Instalación e amoblamento.
- CM Carpintería e moble e oferta parcial CS Deseño e amoblamento.
- CM Procesamento e transformación da madeira e oferta parcial de CM Operacións de laboratorio.

CICLOS MEDIOS DE FP EN GALICIA

➤ Marítimo-pesqueira

- CM Cultivos acuícolas
- CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións
- CM Navegación e pesca de litoral
- **CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas.**

➤ Química.

- CM Operacións de laboratorio.
- **CM Procesamento e transformación da madeira e oferta parcial de CM Operacións de laboratorio.**

➤ Sanidade

- CM Coidados auxiliares de enfermaría
- CM Emerxencias sanitarias
- CM Farmacia e parafarmacia

➤ Servizos socioculturais e á comunidade

- CM Atención a persoas en situación de dependencia

➤ Têxtil, confección e pel

- CM Confección e moda.
- **Dobre titulación en CM Confección e moda e CM Calzado e complementos de moda.**

➤ Transporte e mantemento de vehículos

- CM Carrozaría
- CM Electromecánica de maquinaria
- CM Electromecánica de vehículos automóbiles
- CM Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo

<http://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>

CICLOS MEDIOS DE FP NO NOSO CENTRO:



✓ Ciclo Medio de Aproveitamento e conservación do medio natural.




✓ Ciclo Medio de Instalacións de telecomunicacións.



DURANTE O CICLO MEDIO:

- Dous cursos.
- Organización en módulos.



CICLO MEDIO: INSTALACIONES DE TELECOMUNICACIONES

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a hacer?

Montar e manter instalacións de telecomunicacións e audiovisuais, instalacións de radiocomunicacións e instalacións domóticas, de acordo coa normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, de xeito que se asegure a súa funcionalidade e o respecto ambiental.

En que ámbitos se traballa?

En microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación, instalacións de circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica, centrais telefónicas e infraestruturas de redes de voz e datos, sonorización e megafonía, instalacións de radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

Que ocupacións se desempeñan?

Instalador/ora de telecomunicacións en edificios de vivendas, instalador/ora de antenas, instalador/ora de sistemas de seguridade, técnico/a en redes locais e telemática, técnico/a en instalación e mantemento de redes locais, instalador/ora de telefonía, instalador/ora montador/ora de equipamentos telefónicos e telemáticos, técnico/a en instalacións de son, instalador/ora de megafonía, instalador/ora mantedor/ora de sistemas domóticos, técnico/a instalador/ora mantedor/ora de equipamentos informáticos, e técnico/a en montaxe e mantemento de sistemas de radiodifusión.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0359	Electrónica aplicada	266
1º	MP0360	Equipamentos microinformáticos	133
1º	MP0366	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0363	Instalacións de megafonía e sonorización	160
1º	MP0365	Instalacións de radiocomunicacións	107
1º	MP0362	Instalacións eléctricas básicas	187
2º	MP0364	Circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica	157
2º	MP0367	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0368	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	123
2º	MP0361	Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía	174
2º	MP0238	Instalacións domóticas	123

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.



CICLO MEDIO: APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL.

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en realizar as operacións de repoboación forestal, de restauración ou ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal, así como o control e a vixilancia do medio natural, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións forestais, consonte a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

En que ámbitos se traballa?

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, tanto públicas como privadas, dedicadas aos traballos de repoboación forestal, de restauración e ordenación hidrolóxica forestal, e de aproveitamento forestal, así como de control e vixilancia do medio natural. Trátase de traballadores e traballadoras que poden exercer a súa actividade por conta allea ou por conta propia, que se integran en equipos de traballo con outras persoas do mesmo ou de inferior nivel de cualificación, dependendo organicamente de mandos intermedios. En certos casos de empresas pequenas, poden ter baixo a súa responsabilidade persoal operario, pero coa supervisión de responsables de produción.

Que ocupacións se desempeñan?

Traballador cualificado por conta propia e por conta allea en actividades forestais e similares, en hortas, viveiros e xardíns, en propagación e cultivo de plantas en viveiro; maquinista de procesadora forestal; traballador especializado en inventario, seguimento e adecuación do hábitat natural e de especies acuícolas continentais e cinexéticas, en repoboacións de especies cinexéticas, piscícolas e astacícolas; especialista en colleita de sementes e froitos en altura, en produción de sementes, en aproveitamentos de madeiras, cortiza e leñas, en traballos de altura nas árbores, de empresas de repoboación, que realicen tratamentos silvícolas, que realicen traballos de construción e mantemento de camiños e que realicen traballos de corrección hidrolóxico-forestal; motoserrista, abatedor e cortador de toradas; aplicador de produtos fitosanitarios; enxertador; auxiliar en traballos de control legal de depredadores ou especies invasoras; guía de actividades de turismo cinexético-piscícola; corcheiro; traballador en viveiros en xeral.



CICLO MEDIO: APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0839	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0404	Fundamentos agronómicos	159
1º	MP0837	Maquinaria e instalacións forestais	214
1º	MP0409	Principios de sanidade vexetal	107
1º	MP0835	Produción de planta forestal en viveiro	159
1º	MP0832	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	214
2º	MP0833	Aproveitamento do medio natural	193
2º	MP0834	Conservación das especies cinexéticas e piscícolas	123
2º	MP0479	Control fitosanitario	87
2º	MP0840	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0841	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0836	Prevención de incendios forestais	87
2º	MP0838	Uso público en espazos naturais	87

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico en Aproveitamento e conservación do medio natural.



MÓDULO FCT:

Módulo FCT (formación en centros de trabajo):

- Avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais.
- De non realizar o FCT, no horario previsto para a docencia dos módulos, poderá recuperar os módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso neste mesmo período.
- O profesorado asignará actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data en que serán avaliados.



SAÍDAS DO CICLO MEDIO:



SAÍDAS DO CICLO MEDIO:



FORMACIÓN PROFESIONAL → BACHARELATO

- Grao Medio de Formación Profesional → título de Técnico de FP
- Grao Superior de Formación Profesional → título de Técnico Superior de FP.

Con estes TÍTULOS podemos acceder a BACHARELATO e só sería preciso cursar as seguintes materias:



1º BACHARELATO			
ARTES	HUMANIDADES		CIENCIAS
	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES	
Lingua Castelá e Literatura I (3h) Primeira Lingua Estranxeira I (3h) Filosofía (3h)			
Fundamentos da Arte I (4h)	Matemáticas CCSS I (4h)	Latín I (4h)	Matemáticas I (4h)
Lingua Galega e Literatura I (3h)			
2º BACHARELATO			
ARTES	HUMANIDADES		CIENCIAS
	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES	
Lingua Castelá e Literatura II (3h) Primeira Lingua Estranxeira II (3h) Historia de España (3h)			
Fundamentos da Arte II (4h)	Matemáticas CCSS II (4h)	Latín II (4h)	Matemáticas II (4h)
Lingua Galega e Literatura I (3h)			

SAÍDAS DO CICLO MEDIO:



FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE



CORPO	REQUISITOS ACADÉMICOS
Garda Civil (Escala de cabos e gardas)	Título de ESO ou superior.
Garda Civil (Oficial)	Cumprir requitos de acceso á universidade.
Policía Local	Título Bacharelato ou equivalente
Policía Nacional (Escala Básica)	Título Bacharelato ou equivalente
Policía Nacional (Escala Executiva)	Título de Graduado Universitario
Inspector de Policía	Título de Graduado Universitario ou equivalente
Corpo Institucións Penitenciarias	Mínimo título de Bacharelato ou equivalente (escala de axudantes)
Escala superior de Técnicos de Tráfico	Cumprir requitos de acceso á universidade.
Bombeiro	Título de ESO ou Ciclo Medio
Soldado Profesional	Mínimo o Título de ESO

SAÍDAS DO CICLO MEDIO:



FORMACIÓN PROFESIONAL

**CICLOS
SUPERIORES**

**FP
GS**

REQUISITOS DE ACCESO AOS CICLOS MEDIOS DE F.P.:

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas:

- Cota xeral.
- Cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%).
- Cota para deportistas de alto nivel / rendimento (5%).

Para cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

- **GRUPO A → 70% prazas.**
 1. Título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo (http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8214). A nota media, de maior a menor, das materias vinculadas empregárase nos casos de empate da nota media do bacharelato.
 2. Título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo.
 3. Título de bacharelato sen modalidade preferente das determinadas no currículo do ciclo. Alumnado que superara COU ou PREU.
 4. Certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) da modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo (*non aplicable para este curso, segundo o disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño*).
 5. Certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) sen a modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo.
 6. Título de bacharelato unificado e polivalente (BUP).

REQUISITOS DE ACCESO AOS CICLOS MEDIOS DE F.P.:


- **GRUPO B → 20% prazas.**

1. Título de técnico de F.P. da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.
 - Para ver as familias profesionais: <http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp>.
2. Título de técnico de F.P. de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

- **GRUPO C → 10% prazas.**

1. Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional (<http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-superior>).
2. Proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
3. Título de técnico superior ou de técnico especialista.
4. Título universitario.

DURANTE O CICLO SUPERIOR:



OFERTA CICLOS SUPERIORES DE F.P. EN GALICIA:

➤ Actividades físicas e deportivas

- CS Acondicionamento físico.
- CS Ensinanza e animación sociodeportiva.
- **Dobre titulación en CS Acondicionamento físico e CS Ensinanzaxe animación sociodeportiva**

➤ Administración e xestión

- CS Administración e finanzas.
- CS Asistencia á dirección.

➤ Agraria

- CS Gandaría e asistencia en sanidade animal.
- CS Paisaxismo e medio rural.
- CS Xestión forestal e do medio natural.
- **CS Dirección de cociña e oferta parcial de CM Producción agroecolóxica.**

➤ Artes gráficas

- CS Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.
- CS Deseño e xestión da produción gráfica.

➤ Comercio e marketing

- CS Comercio internacional.
- CS Márketing e publicidade.
- CS Transporte e loxística.
- CS Xestión de vendas e espazos comerciais.

➤ Edificación e obra civil

- CS Organización e control de obras de construción.
- CS Proxectos de edificación.
- CS Proxectos de obra civil.
- **CS Construcións metálicas e oferta parcial de CS Proxectos de obra civil.**

➤ Electricidade e electrónica

- CS Automatización e robótica industrial.
- CS Mantemento electrónico.
- **CS Electromedicina clínica.**
- CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos.
- CS Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- **CS Mecatrónica industrial e oferta parcial de CS Automatización e robótica industrial**
- **CS Sistemas electrotécnicos e automatizados e oferta parcial de CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos.**

OFERTA CICLOS SUPERIORES DE F.P. EN GALICIA:

➤ Enerxía e auga

- CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
- CS Enerxías renovables.

➤ Fabricación mecánica

- CS Construcións metálicas.
- CS Deseño en fabricación mecánica.
- CS Programación da produción en fabricación mecánica.
- CS Programación da produción en moldeamento de metais epolímeros.
- **CS Construcións metálicas e oferta parcial de CS Proxectos de obra civil.**

➤ Hostalaría e turismo

- CS Axencias de viaxes e xestión de eventos.
- CS Dirección de cociña.
- CS Dirección de servizos de restauración.
- CS Guía, información e asistencia turísticas.
- CS Xestión de aloxamentos turísticos.
- **CS Dirección de cociña e oferta parcial de CM Producción agroecolóxica.**
- **CS Dirección de servizos de restauración e oferta parcial de CS Xestión de aloxamentos turísticos.**
- **Dobre titulación CS Axencias de viaxes e xestión de eventos e CS Guía, información e asistencia turísticas e oferta parcial de CS Xestión de aloxamentos turísticos.**
- **Dobre titulación en CS Dirección de cocina e en CS Dirección de servizos de restauración.**

➤ Imaxe e son

- CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.
- CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe.
- CS Produción de audiovisuais e espectáculos.
- CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
- CS Son para audiovisuais e espectáculos.

OFERTA CICLOS SUPERIORES DE F.P. EN GALICIA:



➤ Imaxe persoal

- CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa.
- CS Estética integral e benestar.
- CS Estilismo e dirección de peiteado.
- CS Termalismo e benestar.
- **CS Caracterización e maquillaxe profesional.**

➤ Industrias alimentarias:

- CS Procesos e calidade na industria alimentaria.
- CS Vitivinicultura.

➤ Informática e comunicacións:

- CS Administración de sistemas informáticos en rede.
- CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
- CS Desenvolvemento de aplicacións web.

➤ Instalacións e mantemento:

- CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.
- CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.
- CS Mecatrónica industrial.
- CS Prevención de riscos profesionais.
- **CS Mecatrónica industrial e oferta parcial de CS Automatización e robótica industrial.**

➤ Madeira, moble e cortiza:

- CS Deseño e amoblamento.

➤ Marítimo-pesqueira:

- CS Acuicultura
- CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
- CS Transporte marítimo e pesca de altura.

➤ Química:

- CS Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns.
- CS Laboratorio de análise e de control de calidade.
- CS Química industrial.

➤ Sanidade:

- CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.
- CS Audioloxía protésica.
- CS Dietética.
- CS Documentación e administración sanitarias.
- CS Hixiene bucodental.
- CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.
- CS Laboratorio clínico e biomédico.
- CS Próteses dentais.
- CS Radioterapia e dosimetría.

OFERTA CICLOS SUPERIORES DE F.P. EN GALICIA:

➤ Seguridad e medio ambiente:

- CS Educación e control ambiental.
- CS Química e saúde ambiental.

➤ Servizos socioculturais e á comunidade:

- CS Animación sociocultural e turística.
- CS Educación infantil.
- CS Formación para a mobilidade segura e sustentable.
- CS Integración social.
- CS Mediación comunicativa.
- CS Promoción de igualdade de xénero.

➤ Têxtil, confección e pel:

- CS Patronaxe e moda.
- CS Vestiario á medida e de espectáculos.
- CS Patronaxe e moda e oferta parcial de CS Vestiario á medida e de espectáculos.

➤ Transporte e mantemento de vehículos:

- CS Automoción.
- CS Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina.

MÓDULOS FCT E PROXECTO:


❖ Módulo FCT (formación en centros de trabajo):

- Avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais.
- De non realizar o FCT, no horario previsto para a docencia dos módulos, poderá recuperar os módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso neste mesmo período.
- O profesorado asignará actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data en que serán avaliados.

❖ Módulo Proxecto (só no GRAO SUPERIOR):

- Non será obxecto de validación nin de exención.
- Avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais.
- O alumnado que, logo da avaliación final de módulos, teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de proxecto poderá realizalos en calquera dos períodos establecidos na normativa reguladora.

SAÍDAS DO CICLO SUPERIOR:



SAÍDAS DO CICLO SUPERIOR:



ACCESO Á UNIVERSIDADE DENDE F.P.



- Acceso directo → coa nota media do ciclo (máximo 10).
- A través da ABAU → subindo a nota do ciclo coa parte voluntaria da ABAU (máximo 14).

Pódense facer 4 materias como máximo.
Só puntúan as dúas mellores

MATERIAS OBJECTO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA

MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)

- Artes Escénicas	- Grego II
- Bioloxía	- Historia da Arte
- Cultura Audiovisual II	- Historia da Filosofía
- Debuxo Técnico II	- Química
- Deseño	- Xeoloxía
- Economía da Empresa	- Xeografía
- Física II	

MATERIAS DE MODALIDADE

(agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria)

- Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
- Latin II (agás Bacharelato de Humanidades)
- Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
- Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (agás Bach. C. Sociais)

MATERIA OPTATIVA

Nota: A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II.

- Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués

Nota: a efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na Parte Voluntaria.

Exemplo de acceso a través da ABAU

ACCESO AO GRAO EDUCACIÓN PRIMARIA:

Media do Ciclo de Grao Superior: 9,5

9,5



2ª Lingua Estranxeira: 7



0,2

Matemáticas Aplicadas: 5



0,2

2,4



NOTA DE ADMISIÓN NO GRAO

TOTAL = 11,9

Parte voluntaria ABAU
x Ponderacións

VALIDACIONES DOS CICLOS SUPERIORES DE F.P. NOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

- Pódese pedir o recoñecemento directo de créditos nas titulacións universitarias oficiais de grao para os titulados en F.P. de grao superior, de acordo coas normas de cada universidade.
- Cando non exista recoñecemento directo de créditos e se considere a posibilidade de correspondencia entre algunha titulación universitaria oficial de grao e algún título de técnico superior de F.P., poderase solicitar individualmente o recoñecemento dos créditos que se considere oportuno, da forma prevista pola normativa de recoñecemento e transferencia de créditos de cada universidade.
- Catálogo de validacións: http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8518



SAÍDAS DO CICLO SUPERIOR:



FORMACIÓN PROFESIONAL → BACHARELATO

- Grao Medio de Formación Profesional → título de Técnico de FP
- Grao Superior de Formación Profesional → título de Técnico Superior de FP.

Con estes TÍTULOS podemos acceder a BACHARELATO e só sería preciso cursar as seguintes materias:



1º BACHARELATO			
ARTES	HUMANIDADES		CIENCIAS
	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES	
Lingua Castelá e Literatura I (3h) Primeira Lingua Estranxeira I (3h) Filosofía (3h)			
Fundamentos da Arte I (4h)	Matemáticas CCSS I (4h)	Latín I (4h)	Matemáticas I (4h)
Lingua Galega e Literatura I (3h)			
2º BACHARELATO			
ARTES	HUMANIDADES		CIENCIAS
	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES	
Lingua Castelá e Literatura II (3h) Primeira Lingua Estranxeira II (3h) Historia de España (3h)			
Fundamentos da Arte II (4h)	Matemáticas CCSS II (4h)	Latín II (4h)	Matemáticas II (4h)
Lingua Galega e Literatura I (3h)			

SAÍDAS DO CICLO SUPERIOR:




FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE



CORPO	REQUISITOS ACADÉMICOS
Garda Civil (Escala de cabos e gardas)	Título de ESO ou superior.
→ Garda Civil (Oficial)	Cumprir requitos de acceso á universidade.
Policía Local	Título Bacharelato ou equivalente
Policía Nacional (Escala Básica)	Título Bacharelato ou equivalente
Policía Nacional (Escala Executiva)	Título de Graduado Universitario
Inspector de Policía	Título de Graduado Universitario ou equivalente
Corpo Institucións Penitenciarias	Mínimo título de Bacharelato ou equivalente (escala de axudantes)
→ Escala superior de Técnicos de Tráfico	Cumprir requitos de acceso á universidade.
Bombeiro	Título de ESO ou Ciclo Medio
Soldado Profesional	Mínimo o Título de ESO

SAÍDAS DO CICLO SUPERIOR:



FORMACIÓN PROFESIONAL

F.P. DUAL



QUE É A F.P. DUAL?



É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de **alternancia de actividade laboral** nunha empresa **coa actividade formativa** nun centro educativo.

A FP dual integra tres piares:

- Formación curricular (específica do ciclo formativo).
- Traballo na empresa e formación complementaria (específica para os procesos produtivos da empresa)
- Asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e o seu traballo na empresa.



QUE É A F.P. DUAL?



- Nesta modalidade dual, os ciclos formativos poden distribuírse en dous ou en tres anos.



- Das 2.000 horas establecidas no currículo, un mínimo do 33 % deberase impartir coa participación da empresa.



- O alumnado pode ter a condición de bolseiro ou ser contratado pola empresa mediante un contrato de formación e aprendizaxe. En calquera caso, o alumnado debe ser incorporado ao réxime xeral da Seguridade Social.



- O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non foi destinado á formación: tempo efectivo de traballo. Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional.

REQUISITOS DE ACCESO Á F.P. DUAL



- **Ter 18 anos ou facelos no ano natural** en que comece o ciclo formativo.
 - Na convocatoria actual non hai límite superior de idade.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos para poder matricularse en todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente e que se detallan no modelo de solicitude.
- Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

OFERTA F.P. DUAL EN GALICIA:



➤ Actividades físicas e deportivas

- Dobre titulación en CS Acondicionamento físico e CS Ensinanzaxe animación sociodeportiva

➤ Administración e xestión:

- CM Xestión administrativa.
- CS Administración e finanzas.

➤ Agraria:

- CM Aproveitamento e conservación do medio natural.
- CM Producción agroecolóxica.
- CM Producción agropecuaria.
- CM Xardinaría e floraría.
- CS Ganadería e asistencia animal.
- CS Paisaxismo e medio rural.
- CS Xestión forestal e do medio natural.
- CS Dirección de cociña e oferta parcial de CM Producción agroecolóxica.

➤ Artes gráficas:

- CM Postimpresión e acabamentos gráficos.

➤ Comercio e márketing:

- CM Actividades comerciais.
- CM Comercialización de produtos alimentarios.
- CS Transporte e loxística.
- CS Xestión de vendas e espazos comerciais.

➤ Edificación e obra civil:

- CM Construción.
- CM Escavacións e sondaxes e oferta parcial de CM Construcción.
- CS Proxectos de edificación.
- CS Construcción metálicas e oferta parcial de CS Proxectos de obra civil.

➤ Electricidade e electrónica:

- CM Instalacións eléctricas e automáticas.
- CS Automatización e robótica industrial.
- CS Electromedicina clínica.
- CS Mantemento electrónico.
- CS Mecatrónica industrial e oferta parcial de CS Atumatización e robótica industrial.
- CS Sistema electrotécnicos e automatizados e oferta parcial de CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos.

OFERTA F.P. DUAL EN GALICIA:



➤ Enerxía e auga:

- CM Redes e instalacións de tratamento de augas.
- CS Enerxías renovables.
- **CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.**

➤ Fabricación mecánica:

- CM Mecanizado.
- CM Soldadura e caldeiraría.
- **CM Mantemento electromecánico e oferta parcial de CM Mecanizado.**
- **CM Soldadura e caldeiraría e oferta parcial de CM Mecanizado.**
- CS Construcións metálicas.
- CS Deseño e fabricación mecánicas.
- CS Programación da produción en fabricación mecánica.
- **CS Construcións metálicas e oferta parcial de CS Proxectos de obra civil.**

➤ Hostalaría e turismo:

- CM Servizos de restauración.
- CS Dirección de cociña
- CS Dirección de servizos de restauración.
- CS Xestión de aloxamentos turísticos.
- **CS Dirección de cociña e oferta parcial de CM Producción agroecolóxica.**
- **CS Dirección de servizos de restauración e oferta parcial de CS Xestión de aloxamentos turísticos.**
- **Dobre titulación CS Axencias de viaxes e xestión de eventos e CS Guía, información e asistencia turísticas e oferta parcial de CS Xestión de aloxamentos turísticos.**
- **Dobre titulación en CS Dirección de cocina e en CS Dirección de servizos de restauración.**

➤ Imaxen e son:

- CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe.
- CS Son para audiovisuais e espectáculos.

OFERTA F.P. DUAL EN GALICIA:



➤ Imaxe persoal:

- CS Estética integral e benestar.
- CS Estilismo e dirección de peiteado.
- CS Termalismo e benestar.

➤ Industrias alimentarias:

- CM Aceites de oliva e viños.
- CM Elaboración de produtos alimentarios.
- CM Panadería, repostería e confeitaría.
- CS Procesos e calidade na industria alimentaria.
- CS Vitivnicultura.

➤ Industrias extractivas.

- CM Pedra natural (O Porriño).
- CM Escavacións e sondaxes e oferta parcial de CM Construcción.

➤ Informáticas e comunicacións:

- CM Sistemas microinformáticos e redes.
- CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
- CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
- CS Desenvolvemento de aplicacións web.

➤ Instalacións e mantemento:

- CM Instalacións de produción de calor.
- CM Mantemento electromecánico.
- CM Mantemento electromecánico e oferta parcial de CM Mecanizado.
- Dobre titulación en CM Instalacións frigoríficas e de climatización e en CM Instalacións de produción de calor.
- CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos
- CS Mecatrónica industrial.
- CS Mecatrónica industrial e oferta parcial de CS Automatización e robótica industrial.

OFERTA F.P. DUAL EN GALICIA:



➤ Marítimo-pesqueira:

- CM Navegación e pesca de litoral.

➤ Química:

- CM Procesamento e transformación da madeira e oferta parcial de CM Operacións de laboratorio.
- CS Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns.
- CS Laboratorio de análise e de contrl de caldiade.
- CS Química industrial.

➤ Sanidade:

- CM Coidados auxiliares de enfermaría.
- CS Formación para a mobilidade segura e sustentable.

➤ Téxtil, confección e pel:

- CM Confección e moda.
- Dobre titulación en CM Confección e moda e en CM Calzado e complementos de moda.
- CS Patronaxe e moda e oferta parcial de CS Vestuario á medida e de espectáculos.

➤ Transporte e mantemento de vehículos:

- CM Carrozaría.
- CM Electromecánica de maquinaria
- CM Electromecánica de vehículos automóbiles.
- CS Automoción.

FORMACIÓN PROFESIONAL

**CURSOS DE
ESPECIALIZACIÓN**

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

Novidade do curso 2020/2021

- Só poderán acceder as persoas Deberase cubrir unha única solicitude na que se poterán que estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no Real Decreto polo que se regula cada curso.
- derá optar a dous cursos de especialización como máximo.
 - O impreso cuberto acompañado da documentación complementaria que corresponda, entregarse, preferentemente, no centro de primeira opción onde se oferte o curso de especialización para o que solicita admisión ou en calquera centro de Galicia con oferta de cursos de especialización.
- Distribución das prazas:
 - Cota xeral: 90%
 - Cota do 10% para persoas con discapacidade.
 - Cota do 5% a maiores para deportistas de alto rendemento.
- As persoas admitidas (seleccionadas) para un curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e en FP dual.
 - No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión xeral a ciclos formativos.
 - Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativo.

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

Electricidade e electrónica

Cursos de especialización autorizados

Grao medio

Presencial	CMELE50	Implementación de redes 5G
Presencial	CMELE51	Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT)

Grao superior

Presencial	CSELE51	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación
Distancia	ZSELE51	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación
Presencial	CSELE52	Robótica colaborativa
Dual	ZSELE52	Robótica colaborativa
Presencial	CSELE50	Sistemas de sinalización e telecomunicacións ferroviarias

Energía e auga

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial	CSENA50	Auditoría enerxética
-------------------	---------	----------------------

Fabricación mecánica

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial	CSFME50	Fabricación aditiva
Distancia	ZSFME51	Materiais compostos na industria aeroespacial

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

Hostalaría e turismo

Cursos de especialización autorizados

Grao medio

Presencial CMHOT50 Panadaría e bolaría artesanais

Imaxe e son

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial CSIMS50 Audiodescrición e subtitulación

Informática e comunicacións

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial	CSIFC50	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información
Distancia	ZSIFC50	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información
Presencial	CSIFC51	Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual
Presencial	CSIFC52	Intelixencia artificial e big data
Distancia	ZSIFC52	Intelixencia artificial e big data
Dual	ZSIFC52	Intelixencia artificial e big data

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

Instalación e mantemento

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial	CSIMA50	Dixitalización do mantemento industrial
Presencial	CSIMA51	Fabricación intelixente
Presencial	CSIMA52	Modelaxe da información da construción (BIM)

Química

Cursos de especialización autorizados

Grao superior

Presencial	CSQUI50	Cultivos celulares
------------	---------	--------------------

Transporte e mantemento de vehículos

Cursos de especialización autorizados

Grao medio

Presencial	CMTMV50	Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos
------------	---------	---

Grao superior

Presencial	CSTMV52	Aeronaves pilotadas de forma remota-Drons
Presencial	CSTMV51	Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos
Dual	ZSTMV51	Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos

FORMACIÓN PROFESIONAL

**VALIDACIONES
E EXENCIONES
DE MÓDULOS
PROFESIONAIS**

VALIDACIÓNS E EXENCIÓNS DE MÓDULOS PROFESIONAIS

VALIDACIÓNS DE MÓDULOS.

- Pódese pedir a validación de módulos xa cursados ou por acreditación de unidades de competencia.
- Os módulos profesionais de Inglés ou Lingua estranxeira, sempre que se trate da mesma lingua, serán obxecto de validación achegando formación de módulos profesionais, de certificados da escola oficial de idiomas ou de titulacións universitarias oficiais:
 - Grao medio: nivel intermedio B1 ou superior,
 - Grao Superior: nivel avanzado B2 ou superior.
- Procedemento:
 - As solicitudes de validación requeren a matriculación previa do alumnado para continuar estudos nun centro docente autorizado para impartir estas ensinanzas, e presentaranse perante a dirección do centro educativo dentro dos primeiros 20 días desde o comezo das clases.
 - Documentación:
 - Anexo XIV da *ORDE do 12 de xullo de 2011*.
 - Fotocopia compulsada do DNI (ou autorizar a súa consulta).
 - Fotocopia compulsada da certificación académica oficial dos estudos cursados ou, de ser o caso, do certificado de profesionalidade elaborado a partir do Catálogo nacional de cualificacións profesionais ou da acreditación parcial de unidades de competencia.
- Os módulos profesionais e as materias de estudos universitarios que xa fosen previamente validados non poderán ser achegados como formación para solicitar outra validación de módulos.
- Os módulos profesionais validados cualificaranse cun 5.

VALIDACIONES E EXENCIONES DE MÓDULOS PROFESIONAIS

EXENCIÓN DO MÓDULO FCT:

- O módulo de FCT é susceptible de exención pola súa correspondencia coa experiencia laboral:
 - Traballo a tempo completo dun ano, relacionada cos estudos profesionais respectivos.
 - No caso de contratos a tempo parcial, os días de cotización deberán ser equivalentes a un ano a tempo completo.
- A solicitude de exención formalizarase polo menos 20 días hábiles antes do inicio das actividades programadas para o módulo de FCT.
- A exención poderá ser total ou parcial, dependendo da correspondencia que haxa entre a experiencia acreditada e os contidos do módulo formativo de FCT.
- Procedemento:
 - Solicitude á dirección do centro docente onde se estea matriculado.
 - Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ou da mutualidade laboral á que se estivese afiliado ou afiliada, na que conste a empresa, a categoría laboral, o grupo de cotización e o período de contratación ou, de ser o caso, o período de cotización en réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro medio de proba admitido en dereito
 - Certificación da empresa na que se indique especificamente a duración do contrato, as actividades desenvolvidas e o período en que se realizaron estas actividades. No caso de traballadores e traballadoras por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

FORMACIÓN PROFESIONAL

**MATRÍCULA
SIMULTÁNEA**

MATRÍCULA SIMULTÁNEA

Será posible realizar a matrícula simultánea en:

- Dous ciclos formativos distintos.
- Ciclos formativos e bacharelato.
- Ciclos formativos e ESO

Coa autorización do Servizo de Inspección Educativa, sempre que:

- ✓ Existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera logo de rematado o proceso de admisión.
- ✓ Exista unha compatibilidade horaria mínima do 90 %.

Durante o período de vixencia da matrícula, unha persoa non poderá estar matriculada simultaneamente nun mesmo módulo profesional nas modalidades a distancia, semipresencial ou presencial, así como nas probas para a obtención deste.

MATRÍCULA SIMULTÁNEA

PROCEDEMENTO

- a) O/A alumno/apresentarán a solicitude de matrícula simultánea no centro onde soliciten a nova matrícula xunto cunha certificación de matrícula das ensinanzas nas cales estean matriculados.
- b) O centro remitirá ao servizo territorial de Inspección educativa correspondente a devandita solicitude, xunto coa certificación de matrícula.
- c) Corresponderalle ao Servizo de Inspección Educativa a resolución sobre a autorización, se existe unha compatibilidade horaria mínima do 90 %, que se deberá remitir ao centro educativo antes do remate do período de matrícula.
- d) Logo de concedida a autorización de matrícula simultánea, o/a alumno/a poderán formalizar a matrícula no centro educativo, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.
- e) O prazo de presentación de solicitudes de matrícula simultánea será desde o remate do proceso de admisión ata unha semana antes do remate do período de matrícula.

FORMACIÓN PROFESIONAL

**OUTRA
INFORMACIÓN**

BOLSAS E AXUDAS

- Axudas económicas para Formación en Centros de Trabajo (FCT) de FP.
- Bolsas para estudos post-obrigatorios:
 - Ciclo Superior
 - Ciclo Medio.
 - ...
-

<http://www.edu.xunta.gal/fp/axudas-bolsas>



CENTROS RESIDENCIAIS NON UNIVERSITARIOS

Existen centros residenciais para o alumnado que inicie ou continúe estudos postobrigatorios (non universitarios) en centros docentes públicos ou privados concertados, situados nos termos municipais de:

- A Coruña.
- Culleredo.
- Ourense.
- Vigo.



WEBS DE CONSULTA:



- Formación Profesional en Galicia: <http://www.edu.xunta.es/fp/>
- Todo FP (Ministerio de Educación): <http://www.todofp.es/inicio.html>
- Enseñanzas especiais e adultos en Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/eea>

NON SABES QUE ESTUDAR?

- Perfís profesionais nos ciclos formativos: <http://www.todofp.es/orientacion-profesional/como-elegir-tu-futuro/perfiles-profesionales.html>
- Elixo a túa ocupación: <http://www.todofp.es/ocupaciones/ServletOcupaciones>

MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

